

## **Moción da ANPA A Granxa do CEIP Bergantiños para o seu debate e aprobación no pleno do Concello de Carballo.**

Carballo, 5 de decembro do 2024

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A comunidade educativa do noso centro leva semanas mobilizándose para que a Consellería de Educación adapte o cadro de persoal do colexio ás características do alumnado. Isto implicaría reforzar o departamento de orientación e incorporar profesorado a maiores para atender ao elevado número de alumnos e alumnas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE).

Dacordo á Programación Xeral Anual (PXA), este curso o centro conta con **20 alumnos e alumnas identificados/as como NEE** (Necesidades Educativas Especiais). Atender axeitadamente a este alumnado supón cubrir a carga lectiva total do profesorado especialista de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica. Co seu horario xa completo, estes/as especialistas non poden atender outras necesidades.

O número de alumnado con NEAE aumentou notablemente, segundo indica o Departamento de Orientación e consta na PXA. O centro conta nestes momentos con **180 alumnos e alumnas xa identificados/as como NEAE, o que supón o 31,3% do alumnado total**. Ademais, o profesorado titor está a demandar a intervención de Orientación para as valoracións psicopedagóxicas pertinentes doutros casos posibles de NEAE. E neste punto o alumnado volve quedar desatendido por falta de medios humanos, xa que un/ha só/soa orientador/a é insuficiente para avaliar todos os casos pendentes. O noso centro leva anos demandando un/ha segundo/a orientador/a por ter detectado xa unha necesidade que, agora, está a ser especialmente perentoria e lesiva para o alumnado: neste momento **hai 50 alumnos e alumnas pendentes dunha valoración** para, se fose o caso, poder recibir o apoio educativo ao que teñen dereito por lei.

Ademais, dos/as 50 alumnos e alumnas pendentes de valoración e dos/as 180 xa identificados/as como NEAE (tanto por parte da orientación do centro como por outros profesionais que as familias se viron obrigadas a costear ante o retraso das valoracións no colexio), tan só 27 poden ser atendidos/as por especialistas do Departamento de Orientación, mentras o resto debería ser atendido por profesorado con dispoñibilidade horaria, segundo a normativa. Debido á falta de horas lectivas por parte do profesorado do centro, este alumnado está a quedar sen a atención que ten garantida na lexislación.

O centro foi excluído do programa PROA+, alegando a Consellería que non conta co 30% de alumnado vulnerable e de necesidades especiais, cando si se presentou a documentación requirida para acreditar que cumpre con este criterio, ao atender a 180 alumnos/as nesta situación.

Este curso, tamén, aumentou notablemente o alumnado do estranxeiro (matrícula extraordinaria fóra de prazo) con lingua materna diferente ás oficiais da comunidade autónoma de Galicia. Por isto, solicitouse a medida extraordinaria de Grupo de Adquisición de Linguas con dotación de profesorado, xa que non hai no centro mestres/as con dispoñibilidade horaria para atender esa situación. O centro non ten resposta a esta demanda.

Falamos dun colexio **con 575 alumnos e alumnas, dos/as que un 35% (20 NEE + 180 NEAE) presenta necesidades especiais ou específicas de atención, e con 50 pendentes de valoración, o que podería elevar esta porcentaxe ata o 43,5% do alumnado total.**

A ANPA presentou por rexistro dúas comunicacións dirixidas á Inspección Educativa (8 e 20 de novembro), unha solicitude de reunión co inspector de zona (2 de decembro), outro escrito para o conselleiro de Educación (20 de novembro) e unha queixa ante a Valedora do Pobo. Tan só a Valedora contestou oficialmente admitindo a trámite a queixa e anunciándonos que ía solicitar información á Consellería sobre o tema. Por parte de Educación, a única resposta foron as palabras do propio conselleiro Román Rodríguez aos/ás representantes da ANPA que lle entregaron en man un escrito o pasado venres en Carballo, e as súas palabras foron para poñer en dúbida a carencia de

profesorado e negando que o centro estivese masificado cando esta ANPA en ningún momento falou disto.

Á vista de todo o anterior, propónse ao pleno da Corporación de Carballo a adopción dos seguintes

## **ACORDOS**

1. Solicitar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, con carácter urxente, a adaptación do cadro de persoal do CEIP Bergantiños á realidade do centro, que conta cun 35-43% de alumnado identificado con necesidades especiais ou específicas de apoio, o que implicaría:

- A incorporación dun/ha segundo/a orientador/a.
- A incorporación de profesorado a maiores do adxudicado no CADP (Concurso de Adxudicación de Destinos Provisionais).
- A inclusión no programa PROA+.
- A incorporación dun Grupo de adquisición de linguas dotado de profesorado

2. Solicitar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que dote ao centro dos recursos necesarios para desenvolver o Plan Xeral de Atención á Diversidade e que dea resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.



**ANPA A GRANXA DO CEIP BERGANTIÑOS**